

CAMPIONATO PROVINCIAL CAMPO A TRAVÉS

II CROSS CONCELLO DE FRIOL CATEGORIAS MENORES

O Concello de Friol e o Club de Atletismo Friol, organizan o vindeiro venres día 10 de Xaneiro o **Campionato Provincial de Campo a Través Xuvenil, Xunior, Promesa, Absoluto e Veteráns** xunto co **II Cross Concello de Friol para categorías menores**. A proba contará co control técnico da FGA a través da súa delegación en Lugo.

REGULAMENTO CAMPIONATO PROVINCIAL CAMPO A TRAVÉS

Art. 1. Poderán participar atletas federados (homes e mulleres), que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- ☐ Atletas que teñen ficha o longo da tempada actual (2013/14) por algun clube pertencente a Galicia.
- ☐ Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo, aínda que pertezcan a clubs de outras comunidades autónomas.

Art. 2. Para a optar a medallas do Campionato Provincial a licencia debe estar tramitada a través da delegación en Lugo da FGA.

Art. 3. CATEGORÍAS

CATEGORÍA NADO

Xuvenil: 1998/99

Xunior: 1997/96

Promesa: 1993/94/95

Senior: 1992 e anteriores

Veteráns: (Categorías RFEA) + 35 anos

Art. 4. DISTANCIA E HORARIOS

HORA CATEGORÍA DISTANCIA

11:45 Xuvenil / Xunior 3.100 m

11:45 Promesa / Senior / Veteranas Femenino 3.100 m

12:30 Promesa / Senior / Veteranos Masculino 6.100 m

Art. 5. LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

O circuito atópase nas inmediacións do Club Fluvial de Friol

Art. 6. INSCRICIÓN

As inscricións a través do sistema online na web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2> ata as 24:00 horas do martes 6 de xaneiro de 2015.

Art. 7. RETIRADA DE DORSAIS.

Os delegados oficiais dos clubs participantes poderán retirar na secretaría da competición os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída de cada proba. Pasado este tempo non se permitirá a participación do atleta.

Art. 8. PREMIOS

Por categorías, haberá medalla para os tres primeiros participantes masculino e feminino.

Art. 9. Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas de campo a través, poderá ser descalificado.

Art. 10. Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alieo a organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos os participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

Art. 11. As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente o Xuíz Arbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

Art. 12. Servizos. Tamén estarán dispoñibles as duchas do Club Fluvial de Friol

Art. 13. Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

REGULAMENTO II CROSS CONCELLO DE FRIOL CATEGORÍAS MENORES

Art. 1. Poderán participar atletas en idade escolar (homes e mulleres), atletas que teñan ficha ao longo da tempada actual (2014/15) por algun Club pertencente a Galicia.

Art. 2. CATEGORÍAS

CATEGORÍA NADO

Benxamín: 2006/07

Alevín: 2004/05

Infantil: 2002/03

Cadete 2000/2001

Art. 3. DISTANCIA E HORARIOS

HORA CATEGORÍA DISTANCIA

11:00 Benxamín 400 m

11:05 Alevín 800 m

11:15 Infantil 1.000 m

11:25 Cadete 1.800 m

Art. 4. LUGAR DE SAÍDA E PERCORRIDO

O circuito atópase nas inmediacións do Club Fluvial de Friol

Art. 5. INSCRICIÓNS

As inscricións a través do sistema online na web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2> ata as **24:00** horas do martes 6 de xaneiro de 2015.

Art. 6. RETIRADA DE DORSAIS.

Os delegados oficiais dos Clubs participantes poderán retirar na secretaría da competición os seus dorsais ata 30 minutos antes da saída da primeira proba. Pasado este tempo non se permitirá a participación do atleta.

Art. 7. PREMIOS

Entregarase trofeo para os tres primeiros clasificados de cada categoría, tanto masculino como feminino. Ditas medallas entregaranse na cerimonia de premiación que celebrárase unha vez rematen todas as probas, tanto as do Cross do Concello de Friol como as do Campeonato Provincial, que disputase a continuación.

Será obrigatorio a presenza do atleta na zona de podium para poder levar este trofeo.

Asemade, entregarase unha medalla conmemorativa desta edición do Cross do Concello de Friol a tódolos participantes da proba.

Art. 8. Todo corredor/a que non entre na liña de meta co dorsal ben visible colocado na zona do peito ou que incumpra as normas establecidas no regulamento da Federación Galega de Atletismo e da RFEA referente a probas de campo a través, poderá ser descalificado.

Art. 9. Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo a organización. Nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos os participantes. Asemade non se permite a participación con coches ou cadeiras de nenos, nin correr acompañados destes en ningún momento.

Art. 10. As reclamacións ós resultados oficiais, deberán formularse verbalmente o Xuíz Arbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

Art. 11. Servizos. Tamén estarán dispoñibles as duchas do Club Fluvial de Friol.

Art. 12. Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co regulamento da FGA, RFEA e IAAF en vigor.